



## CONCELLO DE COIRÓS

Concello de Coirós	data: 10/03/2023-9:30	Nº aspirante/ opositor
<b>PRIMEIRO EXERCICIO. CUESTIONARIO TIPO TEST</b> PROCESO SELECTIVO DE FUNCIONARIO/A DE ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, ARQUITECTO/A (MEDIA XORNADA). CONCELLO DE COIROS		

**01. A Constitución Española de 1978 foi aprobada polas Cortes Xerais:**

- a) O 20/10/1978
- b) O 30/10/1978
- c) O 31/10/1978
- d) O 29/10/1978

**02. Na Constitución Española de 1978 o apartado “Dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas” corresponde a:**

- a) Título I, capítulo primeiro, sección 1ª
- b) Título I, capítulo segundo, sección 2ª
- c) Título I, capítulo segundo, sección 1ª
- d) Título II, capítulo segundo, sección 3ª

**03. Segundo o artigo 8 da Constitución Española de 1978, sinala a afirmación falsa sobre as Forzas Armadas:**

- a) A súa organización e funcionamento regularase por lei orgánica
- b) Garanten a independencia e soberanía de España
- c) Están formadas polo Exército de Terra, a Mariña e o Exército do Aire
- d) Lles corresponde a defensa da integridade territorial de España

**04. A Constitución Española de 1978, no seu artigo 1, establece como valores superiores do ordenamento xurídico español:**

- a) A liberdade, a igualdade e a propiedade
- b) A xustiza, liberdade, o pluralismo político e o traballo
- c) A liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político
- d) A liberdade, a igualdade e a fraternidade



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**05. Segundo o artigo 27 do Estatuto de Autonomía de Galicia, non lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega, a competencia exclusiva nas seguintes materias:**

- a) A promoción da ensinanza da lingua galega
- b) A promoción do desenvolvemento comunitario
- c) A asistencia social
- d) A promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

**06. Segundo o artigo 68 da lei 7/1985 do 2 de abril, as entidades locais teñen a obrigaón de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos...**

- a) Calquera persoa que se ache en pleno goce dos seus dereitos civís poderá requirir o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se dará coñecemento a quen puidese resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio das mesmas por un termo de trinta días hábiles
- b) Calquera persoa que se ache en pleno goce dos seus dereitos civís e políticos poderá requirir o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se dará coñecemento a quen puidese resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio das mesmas por un termo de trinta días hábiles
- c) Calquera veciño que se ache en pleno goce dos seus dereitos civís poderá requirir o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se dará coñecemento a quen puidese resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio das mesmas por un termo de trinta días hábiles
- d) Calquera veciño que estea en pleno goce dos seus dereitos civís e políticos poderá requirir o seu exercicio á entidade interesada. Este requirimento, do que se dará coñecemento a quen puidesen resultar afectados polas correspondentes accións, suspenderá o prazo para o exercicio das mesmas por un termo de trinta días hábiles



## CONCELLO DE COIRÓS

**07. Segundo o artigo 43 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, o teña sido expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada...**

- a) Cando transcorreran dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido
- b) Cando transcorreran dez días hábiles dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido
- c) Cando transcorreran quince días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido
- d) Cando transcorreran quince días hábiles dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

**08. Segundo o disposto no artigo 37 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, as resolucións administrativas de carácter particular...**

- a) Non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, inda que aquelas procedan dun órgano de igual ou inferior xerarquía ao que ditou a disposición xeral
- b) Non poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral, inda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral
- c) Poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter particular, inda que aquelas procedan dun órgano de igual ou superior xerarquía ao que ditou a disposición xeral
- d) Ningunha das respostas é correcta

**09. Salvo disposición en contrario, os informes serán (sinala a correcta)**

- a) Facultativos e non vinculantes
- b) Preceptivos e vinculantes
- c) Facultativos e vinculantes
- d) Preceptivos e non vinculantes

**10. As administracións públicas serven con obxectividade os intereses xerais e actúan de acordo cos seguintes principios:**

- a) Eficacia, eficiencia, efectividade e coordinación
- b) Eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación
- c) Eficacia, eficiencia e neutralidade
- d) Ningunha é correcta



## CONCELLO DE COIRÓS

**11. Segundo o punto 3 do artigo 3 Do Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, os poderes públicos formularán e desenvolverán, no medio urbano, as políticas da súa respectiva competencia, de acordo cos principios de competitividade e sustentabilidade económica, social e ambiental, cohesión territorial, eficiencia enerxética e complexidade funcional, procurando que, estea suficientemente dotado, e que o solo se ocupe de maneira eficiente, combinando os usos de maneira funcional, en particular:**

- a) garantirán a dinamización económica e social e a adaptación, a rehabilitación e a ocupación de vivendas baleiras ou en desuso
- b) fomentarán, no seu caso, a perspectiva turística, e permitirán o uso turístico responsable
- c) integrarán no tecido urbano cantos usos resulten compatibles coa función residencial, para contribuír ao equilibrio das cidades e dos núcleos residenciais, favorecendo a diversidade de usos, a aproximación dos servizos, as dotacións e os equipamentos á comunidade residente, así como a cohesión e a integración social
- d) ningunha das anteriores é correcta

**12. Segundo o artigo 18 do Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana non é un deber legal das actuacións de urbanización ás que se refire o artigo 7.1.a):**

- a) entregar á Administración competente o solo reservado para viarios, espazos libres, zonas verdes e restantes dotacións públicas incluídas na propia actuación ou adscritas a ela para a súa obtención
- b) custear e, no seu caso, executar todas as obras de urbanización previstas na actuación correspondente, así como as infraestruturas de conexión coas redes xerais de servizos e as de ampliación e reforzo das existentes fora da actuación que esta demande pola súa dimensión e características específicas
- c) entregar á Administración competente, e con destino a patrimonio público de solo, o solo libre de cargas de urbanización correspondente ao 10% da edificabilidade media ponderada da actuación, ou do ámbito superior de referencia en que esta se inclúa
- d) indemnizar aos titulares de dereitos sobre as construcións e edificacións que deban ser demolidas e as obras, instalacións, plantacións e sementados que non poidan conservarse



## CONCELLO DE COIRÓS

**13. Segundo o artigo 34 do Texto Refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, referente ao réxime de valoracións, estas segundo o seu obxecto non se entenden referidas a:**

- a) cando se trate de verificación de operacións de repartición de beneficios e cargas á data de aprobación inicial do instrumento que as motive
- b) cando se aplique a expropiación forzosa, ao momento de iniciación do prezo xusto individualizado ou de exposición ao público do proxecto de expropiación se se segue o procedemento de taxación conxunta
- c) cando se trate de venda ou substitución forzosas, ao momento da iniciación do procedemento de declaración do deber que a motive
- d) cando a valoración sexa necesaria para os efectos de determinar a indemnización por responsabilidade patrimonial da Administración Pública, ao momento da entrada en vigor da disposición ou do comezo da eficacia do acto causante de lesión

**14. Segundo o artigo 10 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, para a aprobación ou modificación dos estatutos da Axencia de Protección da Legalidade urbanística non é preciso o procedemento de:**

- a) aprobación inicial do proxecto de estatutos polo titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio
- b) publicación da aprobación inicial no Diario Oficial de Galicia e apertura do prazo de información pública durante 1 mes
- c) audiencia aos concellos durante o prazo dun mes
- d) aprobación definitiva polo Consello da Xunta mediante decreto

**15. Segundo o artigo 29 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia referente aos deberes dos propietarios de solo urbanizable, non será un deber dos propietarios:**

- a) ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento tipo da área de reparto
- b) garantir o realoxo dos ocupantes legais que se precise desaloxar de inmobles situados na área da actuación e que constitúan a súa residencia habitual
- c) ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas o solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública
- d) edificar os solares no prazo establecido



## CONCELLO DE COIRÓS

---

### **16. Segundo o artigo 41 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia é un límite de sustentabilidade:**

- a) nun municipio de 5.500 habitantes no solo urbanizable de uso residencial, a superficie edificable total de cada sector non poderá superar o nivel de intensidade de 0,60 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo
- b) nun municipio de 20.500 habitantes no solo urbanizable de uso hostaleiro, a superficie edificable total de cada polígono non poderá superar o nivel de intensidade de 0,85 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo
- c) nun municipio de 5.500 habitantes no solo urbanizable de uso residencial, a superficie edificable total de cada polígono non poderá superar o nivel de intensidade de 0,60 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo
- d) nun municipio considerado nodo para o equilibrio do territorio nas Directrices de ordenación do territorio, no solo urbanizable de uso hostaleiro, a superficie edificable total de cada sector non poderá superar o nivel de intensidade de 0,85 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo

### **17. O Plan Básico Autonómico non conterà entre as súas determinacións:**

- a) determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio
- b) regulación dos usos do chan e a edificación
- c) categorización do chan rústico
- d) relación cos instrumentos de ordenación do territorio

### **18. Segundo o artigo 52 e seguintes da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia non se atopa entre as determinacións dun plan xeral de ordenación municipal:**

- a) as necesarias para que as construcións e instalacións cumpran as condicións de adaptación ao ambiente
- b) o establecemento, en solo urbano consolidado, de prazos para a edificación
- c) en solo de núcleo rural, características e trazado das redes básicas de servizos
- d) en solo urbanizable, a asignación de usos globais de cada sector



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**19. Segundo o artigo 69 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia un plan parcial que fose obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada, comprenderá, entre outros, co contido que se fixe regulamentariamente:**

- a) documento ambiental estratéxico, planos de información, planos de ordenación urbanística
- b) estudo ambiental estratéxico, plano de información catastral, ordenanzas reguladoras
- c) estudo ambiental estratéxico, memoria xustificativa das súas determinacións, avaliación económica da implantación dos servizos e execución das obras de urbanización
- d) as respostas b) e c) son correctas

**20. Segundo o artigo 47 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia sobre da suspensión de licenzas non é certo que:**

- a) extinguidos os efectos da suspensión, en calquera dos supostos previstos, non poderán acordarse novas suspensións por idéntica finalidade, no prazo de catro anos
- b) os órganos competentes para a aprobación definitiva dos instrumentos de plan urbanístico poderán acordar a suspensión de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formulación, revisión ou modificación. Esta suspensión extinguirase, en todo caso, no prazo dun ano
- c) a suspensión de licenzas tras o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de plan terá unha duración máxima de dous anos
- d) en tanto dure a suspensión de licenzas poderán autorizarse obras e usos provisionais



## CONCELLO DE COIRÓS

---

### **21. Segundo o artigo 86 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia de iniciación de expropiacións por ministerio da lei:**

a) cando transcorran catro anos desde a entrada en vigor do plan sen que levase a efecto a expropiación de terreos que estean destinados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficio e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir á Administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levar a cabo por ministerio da lei se transcorren outros dous anos desde o momento de efectuar a advertencia

b) cando transcorran tres anos desde a entrada en vigor do plan sen que levase a efecto a expropiación de terreos que estean destinados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficio e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir á Administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levar a cabo por ministerio da lei se transcorren outros dous meses desde o momento de efectuar a advertencia

c) cando transcorran cinco anos desde a entrada en vigor do plan sen que levase a efecto a expropiación de terreos que estean destinados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficio e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir á Administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levar a cabo por ministerio da lei se transcorren outros tres anos desde o momento de efectuar a advertencia

d) cando transcorran cinco anos desde a entrada en vigor do plan sen que levase a cabo a expropiación de terreos que estean destinados a sistemas xerais ou locais que non haxan de ser obxecto de cesión obrigatoria por non resultar posible a xusta distribución de beneficio e cargas, a persoa titular dos bens poderá advertir á Administración do seu propósito de iniciar o expediente de prezo xusto, que poderá levar a cabo por ministerio da lei se transcorren outros dous anos desde o momento de efectuar a advertencia





## CONCELLO DE COIRÓS

---

### **22. Segundo o artigo 96 referente á execución e conservación das obras de urbanización da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, é certo que:**

- a) con carácter anterior ao comezo das obras de urbanización o promotor presentará garantía por importe do 5% do orzamento de execución material
- b) os proxectos de urbanización poderán modificar as previsións do plan que desenvolven se é necesario para o cumprimento das condicións de accesibilidade
- c) os proxectos de urbanización serán sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes
- d) a garantía non será devolta ou cancelada ata a recepción das obras.

### **23. Segundo o artigo 105 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia os instrumentos de equidistribución non terán en conta o seguinte criterio:**

- a) as obras de urbanización non contrarias ao plan vixente ao tempo da súa realización que resulten útiles para a execución do novo plan serán consideradas igualmente como obras de urbanización con cargo ao proxecto, satisfacéndose o seu importe ao titular do terreo sobre o que se realizaron
- b) a valoración das parcelas achegadas e das resultantes deberá referirse ao momento de aprobación definitiva do instrumento
- c) procurarase, sempre que sexa posible, que as parcelas adxudicadas estean situadas nun lugar próximo ao das antigas propiedades dos mesmos titulares
- d) o dereito dos propietarios será proporcional á superficie das parcelas respectivas

### **24. Segundo o artigo 134 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia o patrimonio público do solo será destinado a:**

- a) construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública
- b) conservación e mellora do medio ambiente, do medio rural e do patrimonio cultural construído
- c) creación de solo para o exercicio de actividades empresariais compatibles co desenvolvemento sostible
- d) todas son correctas



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**25. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia non estarán suxeitos a licenza municipal os seguintes actos:**

- a) a implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente
- b) a primeira ocupación de edificios
- c) os grandes movementos de terras e as explanacións
- d) a tala de masas arbóreas de vexetación arbustiva derivada da lexislación de protección do dominio público

**26. Segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia non é unha regra para o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á aprobación definitiva da presente Lei:**

- a) o plan adaptado á Lei 9/2002 ao solo rústico aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico mantendo en todo caso a vixencia das categorías contempladas no plan respectivo
- b) o plan non adaptado á Lei 9/2002 ao solo urbanizable non delimitado aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo urbanizable
- c) o plan non adaptado á Lei 9/2002 ao solo urbanizable delimitado aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo urbanizable
- d) o plan non adaptado á Lei 9/2002 ao solo incluído nas áreas de influencia ou tolerancia dos núcleos rurais aplicaráselle integramente o disposto no plan respectivo

**27. Segundo o artigo 342 do D 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, no inicio do procedemento de declaración de ruína, co escrito de iniciación acompañarase informe suscrito por facultativo competente, no que constarán:**

- a) valoración do custo das obras previsibles necesarias para reparar os danos que presente
- b) as medidas que, ao seu xuízo, non admitan demora e que haxa que adoptar para protexer a saúde e a seguridade das persoas e cousas
- c) acreditación da titularidade en calquera caso
- d) todas as respostas anteriores son correctas.



## CONCELLO DE COIRÓS

**28. Segundo o artigo 355 do D 143/2016, do 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia a solicitude de licenza de parcelación deberá achegar un proxecto de parcelación suscrito por técnico competente que incluíra:**

- a) plano de situación da finca que se pretenda dividir, con indicación da súa referencia rexistral e catastral
- b) superposición do plano parcelario sobre un plano de cualificacións urbanísticas
- c) fichas descritivas dos lotes resultantes, incluídas as relativas aos terreos destinados a sistemas urbanísticos que se teñan que ceder, se procede
- d) todas as respostas anteriores son correctas.

**29. Segundo o PXOM de Coirós é certo que:**

- a) en núcleo rural denso para vivenda illada a parcela mínima son 600m<sup>2</sup> e a edificabilidade máxima 0,4m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- b) en núcleo rural disperso a parcela mínima son 1.000m<sup>2</sup> e a edificabilidade máxima 0,3m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- c) en extensión de núcleo rural a parcela mínima son 2.000m<sup>2</sup> e a ocupación máxima 20%
- d) ningunha é correcta

**30. Segundo o PXOM de Coirós é certo que:**

- a) o sector I-1. Pedrapartida ten uso característico industrial cunha edificabilidade de 0,4m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- b) o sector I-2. Anta ten uso característico industrial cunha edificabilidade de 0,4m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- c) o sector R-1 Xesteira ten uso característico residencial cunha edificabilidade de 0,6m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>
- d) ningunha é correcta

**31. Segundo a ordenanza reguladora de plantación e tala de arboredo do PXOM de Coirós non é certo que:**

- a) os froiteiros deberán separarse 3m de praderías e terreos agrícolas
- b) permitírase a plantación de especies vexetais para peche de fincas, cunha separación a extremas de cincuenta centímetros e unha altura máxima da planta de dous metros
- c) en todo caso, sexa cal for o destino da finca estremeira (mesmo monte), así como camiños, as plantacións de todo tipo de árbores terán unha separación mínima de tres metros liñais
- d) as vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**32. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia non é competencia das entidades locais:**

- a) xestionar as redes secundarias de faixas de xestión de biomasa
- b) velar pola recuperación dos terreos incendiados e o cumprimento das medidas que para ese efecto se establezan
- c) elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra incendios forestais
- d) colaborar cos medios dispoñibles coa dirección técnica de extinción de incendios forestais

**33. Segundo a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia forman parte das redes secundarias de faixas de xestión de biomasa:**

- a) a franxa perimetral de 50m desde o límite do solo urbanizable
- b) a franxa perimetral de 50m desde o límite do solo urbanizable con aprobación definitiva do plan parcial correspondente
- c) a franxa perimetral de 50m desde o límite do solo urbanizable con aprobación definitiva do proxecto de urbanización correspondente
- d) a franxa perimetral de 50m desde o límite do solo urbanizable coa aprobación definitiva do proxecto de equidistribución correspondente

**34. Segundo o Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia as repoboacións forestais cando se empreguen especies frondosas incluídas no anexo I, a lei non obriga a respectar a distancia mínima de:**

- a) 10m con zonas dedicadas ao labradío, cultivo ou prados
- b) 2m con parcelas forestais
- c) 5m con canles fluviais de máis de 2m de ancho
- d) 2m con solo urbano



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**35. Segundo o artigo 3 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do territorio de Galicia, non é un fin ou obxectivo da ordenación do territorio:**

- a) promover o impulso e a dinamización demográfica de Galicia a través do desenvolvemento sostible e o equilibrio territorial e social, de forma que se xeren contornas favorables para o asentamento da poboación
- b) a promoción do desenvolvemento económico e social a través do fomento de actividades produtivas e xeradoras de emprego estable
- c) definir, protexer e mellorar o patrimonio cultural de Galicia, impedindo a súa destrución, deterioro ou transformacións e impulsando a súa recuperación e rehabilitación, de acordo coa súa normativa específica
- d) todas son correctas

**36. Segundo o artigo 36 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, non é un principio de aplicación ás áreas de mellora ambiental e paisaxística:**

- a) garantir a integridade do bordo costeiro como un espazo público de calidade e de gozo social
- b) mellorar, conservar, recualificar e renovar as fachadas marítimas dos asentamentos propios do litoral
- c) favorecer a relación dos desenvolvementos e infraestruturas co seu contorno natural e rural próximo evitando a presión sobre espazos de valor natural ou cultural
- d) favorecer o seu mantemento como un espazo aberto e natural en continuidade coa costa, minimizando a súa ocupación e planificando, se é o caso, os desenvolvementos urbanísticos que se mostren necesarios conforme esta normativa

**37. Segundo o artigo 54 do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, cal dos seguintes usos non é compatible en protección costeira:**

- a) cemiterios, centros de investigación e educación ambiental e paradores de turismo
- b) viveiros e invernadoiros ou outras análogas
- c) rehabilitacións destinadas ao turismo no medio rural e que sexan potenciadoras do medio onde se sitúen
- d) dragados, defensa de ríos e rectificación de leitos



## CONCELLO DE COIRÓS

**38. Segundo o artigo 10 da Lei 38/1999, do 5 de novembro de Ordenación da edificación referente ao proxectista, cal das seguintes titulacións académicas ou profesionais non é habilitante para a construción de edificios para os seguintes usos:**

- a) arquitecto técnico para os usos agropecuarios
- b) enxeñeiro técnico para os usos aeronáuticos
- c) arquitecto para os usos agropecuarios
- d) enxeñeiro técnico para os usos agropecuarios

**39. Segundo o artigo 27 da Lei 10/2014, do 3 de decembro de Accesibilidade de Galicia, deberá reservarse para persoas con discapacidade un mínimo das vivendas totais previstas nos programas anuais de promoción pública dun:**

- a) 10%
- b) 5%
- c) 4%
- d) 2%

**40. Segundo a Base 1.2 sobre elementos de urbanización do Anexo 1. Código de accesibilidade do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, cal das seguintes determinacións non é esixible ás varandas:**

- a) o diámetro dos tubos das varandas deberá estar comprendido entre 3 e 5cm
- b) a varanda deberá situarse a unha altura comprendida entre 90 e 95cm
- c) as varandas prolongaranse horizontalmente unha lonxitude comprendida entre 35 e 45cm
- d) as varandas deberán estar colocadas separadas dos paramentos como mínimo 3cm

**41. Segundo a Base 1.3 referente a aparcamentos do Anexo 1. Código de accesibilidade do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, cal dos seguintes cocientes non se corresponde coa reserva mínima de prazas de aparcamento adaptadas:**

- a) ata 200 prazas de capacidade total: 1 praza adaptada por cada 40 prazas ou fracción
- b) de 201 a 1.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 100 prazas ou fracción
- c) de 1.001 a 2.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 250 prazas ou fracción
- d) máis 2.000 prazas: 1 praza adaptada por cada 400 prazas ou fracción



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**42. Segundo a Base 2.1.4 niveis de accesibilidade esixidos do Anexo 1. Código de accesibilidade do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, cal dos seguintes niveis de accesibilidade para itinerarios non son esixidos para edificios de uso público de nova construción:**

- a) farmacias: itinerarios adaptados
- b) parques acuáticos: itinerarios adaptados
- c) salas de exposicións de máis de 150m<sup>2</sup>: itinerarios adaptados
- d) cámpings: itinerarios adaptados

**43. Segundo os artigos 8, 9, 10, 11, 12, 13, 14 e 15 do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010), cal das seguintes non é certa:**

- a) nas obras de adecuación funcional de edificios será esixible o cumprimento das NHV-2010 cando se varíen as dimensións e características dos patios que serven de iluminación e ventilación ás estancias das vivendas
- b) ás obras de adecuación estrutural non lles será esixible o cumprimento das NHV-2010
- c) nas obras de adecuación funcional de vivendas que impliquen o incremento do número de estancias existentes deberá cumprirse coas determinacións do apartado I.A de as NHV-2010
- d) nas obras de ampliación de vivendas será preciso cumprir coas determinacións das NHV-2010 exclusivamente na parte ampliada.

**44. Segundo o apartado I.B.3.1 do Anexo I, referente aos portais de edificios do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010), cal das seguintes non é certa:**

- a) en contacto coa porta de acceso deberá poder inscribirse no exterior un rectángulo de dimensións mínimas 1,2 x 2,4m libre de obstáculos
- b) en contacto coa porta de acceso na planta do portal deberá admitir a inscrición dun cadrado de lado mínimo 2,4m
- c) o portal deberá contar cun oco de iluminación aberto ao espazo exterior dun ancho e altura mínimos de 2,40m
- d) a porta de acceso terá un ancho mínimo de 0,90m e unha altura libre mínima de 2,40m e estará colocada de tal maneira que non invada o espazo público de acceso cando se abra



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**45. Segundo o Anexo II do decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as Normas de Habitabilidade de Vivendas de Galicia (NHV-2010), en cal dos seguintes suposto non poderá solicitarse o trámite de excepción en actuacións de rehabilitación ou ampliación de edificacións ou vivendas existentes, ou en solares residuais en centros históricos ou núcleos rurais tradicionais:**

- a) ampliación de vivendas mediante a incorporación dos espazos situados na planta baixa
- b) cando a configuración do espazo exterior non permita a condición de vivenda exterior xa que é imposible que a estancia maior e outra estancia dean a fachada ou a espazo exterior
- c) cando a edificación para rehabilitar conte con vivendas en planta baixa que non cumpran os requisitos de protección de vistas desde a rúa ou espazos públicos
- d) cando as condicións dos espazos públicos, patios de mazás ou patios de parcela existentes aos que se abren as vivendas da edificación para rehabilitar, non reúnan os requisitos mínimos esixibles

**46. Segundo o artigo 33 e Anexo da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, será sometida a incidencia ambiental a seguinte actividade:**

- a) fabricación de cemento por moenda cunha capacidade de produción non superior a 500 toneladas diarias
- b) gasoleiras e estacións de servizo
- c) instalación de gandería intensiva entre 25 e 750 prazas para porcas de cría
- d) todas son correctas

**47. Segundo o artigo 41 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, non será precisa a obtención de licenza ou autorización autonómica para:**

- a) a instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público
- b) a apertura de establecementos abertos ao público que sexan de titularidade do propio Concello
- d) a celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolvan en máis dun termo municipal da Comunidade Autónoma





## CONCELLO DE COIRÓS

---

**48. Segundo o artigo 53 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, non se considera infracción grave:**

- a) a inexactitude ou omisión de carácter esencial nos datos obxecto de comunicación previa, da declaración responsable regulada na presente lei, na licenza ou na autorización
- b) non colaborar no exercicio das funcións de inspección
- c) o incumprimento das obrigacións establecidas regulamentariamente ás entidades de certificación de conformidade municipal
- d) a non comunicación á Administración competente dos cambios de titularidade das actividades reguladas na presente lei

**49. Segundo o artigo 31 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, consideraranse substanciais as modificacións das instalacións ou procesos vinculados á actividade de cuxa realización derive a superación do seguinte limiar:**

- a) o incremento superior ao 25 % da capacidade produtiva da instalación
- b) o incremento superior ao 25 % das materias primas empregadas no proceso produtivo
- c) o incremento nun 25 % dalgún dos contaminantes emitidos ou da suma do total dos mesmos
- d) o incremento nun 25% do consumo de auga ou enerxía

**50. Segundo o artigo 40 a Lei 1/2019, do 22 de abril de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, as determinacións da sección 1 das intervencións nos edificios incluídos no ámbito territorial das categorías de bens definidos na Lei do patrimonio cultural de Galicia e ámbitos obxecto de plan especial de protección prevalecerán sobre:**

- a) os plans xerais de ordenación municipal
- b) o plan básico autonómico
- c) os catálogos aprobados con anterioridade á entrada en vigor da lei
- d) todos eles



## CONCELLO DE COIRÓS

**51. Segundo o artigo 1 da Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas, non é unha finalidade da lei:**

- a) determinar e clasificar as estradas que sexan de competencia da Administración Xeral do Estado
- b) promover o crecemento económico e social equilibrado e sostible
- c) impulsar a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica, así como a súa difusión
- d) colaborar na protección do medio ambiente

**52. Segundo os artigos 29, 31, 32 e 33 da Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas, cal das seguintes afirmacións non é correcta:**

- a) constitúen a zona de dominio público os terreos ocupados polas propias estradas do Estado, os seus elementos funcionais e unha franxa de terreo a cada lado da vía de 8 metros de anchura en autoestradas e autovías e de 5 metros en estradas convencionais, estradas multicarril e vías de servizo, medidos horizontalmente desde a aresta exterior da explanación e perpendicularmente á devandita aresta
- b) a zona de servidume das estradas do Estado está constituída por dúas franxas de terreo a ambos os dous lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de dominio público e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación, a unha distancia de 25 metros en autoestradas e autovías e de 8 metros en estradas convencionais e estradas multicarril, medidos horizontalmente desde as citadas arestas
- c) a zona de afección das estradas do Estado está constituída por dúas franxas de terreo a ambos os dous lados das mesmas, delimitadas interiormente pola zona de servidume e exteriormente por dúas liñas paralelas ás arestas exteriores da explanación, a unha distancia de 100 metros en autoestradas e autovías e de 50 metros en estradas multicarril e convencionais, medidos horizontalmente desde as citadas arestas
- d) a ambos os dous lados das estradas do Estado establécese a liña límite de edificación, que se sitúa a 50 metros en autoestradas e autovías e a 25 metros en estradas convencionais e estradas multicarril, medidos horizontal e perpendicularmente a partir da aresta exterior da calzada máis próxima



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**53. Segundo o artigo 23 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, respecto a a redución da zona a servidume de protección nas marxes dos ríos ata onde sexan sensibles as mareas, cal das seguintes afirmacións é correcta:**

- a) a extensión desta zona poderá reducirse ata un mínimo de 50 metros en atención ás características xeomorfolóxicas, aos seus ambientes de vexetación, e á súa distancia respecto da desembocadura, conforme ao que regulamentariamente se dispoña
- b) a extensión desta zona poderá reducirse ata un mínimo de 25 metros, en atención ás características xeomorfolóxicas, aos seus ambientes de vexetación, e á súa distancia respecto da desembocadura, conforme ao que regulamentariamente se dispoña
- c) a extensión desta zona poderá reducirse ata un mínimo de 20 metros, en atención ás características xeomorfolóxicas, aos seus ambientes de vexetación, e á súa distancia respecto da desembocadura, conforme ao que regulamentariamente se dispoña
- d) a extensión desta zona non poderá reducirse en ningún caso

**54. Segundo o artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, cal das seguintes afirmacións respecto da delimitación das contornas de protección non é correcta para os monumentos, zonas arqueolóxicas e vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados, en solo rústico, nos que non se estableceu a súa contorna de protección de modo específico:**

- a) 20 metros para os elementos singulares do patrimonio etnolóxico
- b) as parcelas e edificacións que constitúen os límites do trazado das vías culturais
- c) 50 metros cando se trate de bens integrantes da arquitectura tradicional
- d) 100 metros cando se trate de bens integrantes do patrimonio arquitectónico



## CONCELLO DE COIRÓS

**55. Segundo o artigo 130 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia, cal das seguintes actuacións ten a consideración de infracción grave:**

- a) o incumprimento do deber de facilitar o acceso ao persoal habilitado para a realización de labores de inspección
- b) a disgregación dunha colección declarada de interese cultural sen a autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural
- c) a tala de arboredo ou outras transformacións da estrutura e usos tradicionais no ámbito delimitado do territorio histórico dos Camiños de Santiago sen a previa autorización da consellería competente en materia de patrimonio cultural ou contravindo os termos da autorización concedida
- d) a manipulación ou deterioración dos elementos de sinalización existentes dos Camiños de Santiago e dos restantes bens culturais protexidos, ou o seu uso non autorizado

**56. Segundo o artigo 4 do RD 105/2008, do 1 de febreiro, que regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, non é preciso que o estudo de xestión de residuos, obrigatorio no proxecto de execución de obras, conteña:**

- a) as operacións de reutilización, valorización ou eliminación a que se destinarán os residuos que se xerarán na obra
- b) relación dos xestores de residuos que participarán na recollida, o transporte, almacenamento, valorización e/o eliminación dos residuos xerados na construción e demolición
- c) unha valoración do custo previsto da xestión dos residuos de construción e demolición que formará parte do orzamento do proxecto en capítulo independente
- d) facer un inventario dos residuos perigosos que se xerarán, así como prever a súa retirada selectiva, co fin de evitar a mestura entre eles ou con outros residuos non perigosos

**57. Segundo o artigo 60 da Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia, a duración do réxime de protección das vivendas protexidas de promoción pública terá unha duración de:**

- a) 25 anos
- b) 30 anos
- c) 50 anos
- d) 60 anos



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**58. Segundo o artigo 2 do RD 1000/2010, do 5 de agosto, de visado colexial obrigatorio, é obrigatorio obter o visado colexial nos seguintes traballos profesionais:**

- a) proxecto de execución de edificación
- b) proxecto de demolición de edificacións que non requira o uso de explosivos
- c) proxecto de execución de edificación que deban ser achegados nos procedementos administrativos de legalización de obras de edificación
- d) en todos os anteriores

**59. Segundo o artigo Anexo do D 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, cal dos seguintes valores de illamento para o desenvolvemento de actividades non é esixible:**

- a) actividades do grupo 0, illamento a ruído aéreo da fachada (dB)  $\geq 35$
- b) actividades do grupo 2, illamento a ruído aéreo da fachada (dB)  $\geq 40$
- c) actividades do grupo 4, illamento a ruído aéreo da fachada (dB)  $\geq 45$
- d) actividades do grupo 6, illamento a ruído aéreo da fachada (dB)  $\geq 55$

**60. Segundo o artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos (BOP n 11 16/01/2013) cal das seguintes taxas tributarias dos servizos urbanísticos non é correcta:**

- a) tramitación de expediente de licenza de obra maior: 50€
- b) tramitación de expediente de transmisión de licenza: 50€
- c) certificación por escrito, de cualificación ou clasificación urbanística: 50€
- d) tramitación de expediente de licenza de segregación: 50€



## CONCELLO DE COIRÓS

### **PREGUNTAS DE RESERVA**

**R.01. Que artigo da Constitución Española de 1978 proclama a igualdade dos españois:**

- a) O artigo 10
- b) O artigo 14
- c) O artigo 15
- d) O artigo 20

**R.02. Segundo o artigo 4 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia a competencia urbanística en materia de planeamento non comprenderá:**

- a) determinar a configuración e dimensións das parcelas edificables
- b) determinar o uso do solo, do subsolo e das construcións
- c) prohibir os usos que non se axusten á ordenación urbanística
- d) orientar a composición arquitectónica das edificacións e regular, nos casos en que fose necesario, as súas características estéticas

**R.03. segundo o artigo 43 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro, do solo de Galicia non é unha norma de calidade ambiental e paisaxística do plan urbanístico:**

- a) procurar unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles
- b) fixar a altura máxima das edificacións en proporción ás dimensións das vías e espazos libres
- c) garantir as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas e usos residenciais
- d) garantir que a tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados favorezan a integración na contorna inmediata e na paisaxe.

**R.04. As liberdades recoñecidas no artigo 20 da Constitución Española de 1978 teñen o seu límite, especialmente, en:**

- a) O respecto aos dereitos recoñecidos no título I
- b) Nos preceptos das leis que os desenvolvan
- c) No dereito ao honor, á intimidade e á propia imaxe (artigo 20.4 Constitución)
- d) As tres respostas anteriores son correctas



## CONCELLO DE COIRÓS

**R.05. Segundo o artigo 158 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do chan de Galicia, non é infracción grave:**

- a) o incumprimento da orde de corte de subministración dos servizos de auga, electricidade e outros
- b) o incumprimento das ordes de execución ou demolición
- c) o incumprimento das condicións de edificación establecidas na presente lei para o solo rústico e a realización de actividades sen o preceptivo título habilitante municipal ou incumprindo as súas condicións
- d) a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato ou documento que acompaña ou consta na comunicación previa

**R.06. Segundo o artigo 35 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de Ordenación do territorio de Galicia, os plans sectoriais non poderán formularse referidos aos seguintes ámbitos ou sectores:**

- a) portos deportivos
- b) actividades científicas, escolares e divulgativas
- c) xestión de residuos
- d) actividades extractivas

**R.07. Segundo o artigo 2 da Lei 10/2014, do 3 de decembro de Accesibilidade de Galicia, en cal dos seguintes principios non se fundamenta a Lei:**

- a) deseño para todas as persoas
- b) vida independente
- c) diálogo social
- d) normalización

**R.08. Segundo a Base 2 do Anexo 1. Código de accesibilidade do Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, cal dos seguintes cocientes non se corresponde coa reserva mínima de prazas adaptadas en locais de espectáculos, salas de conferencias, recintos deportivos, auditorios, aulas e outros locais con actividades análogas:**

- a) de 101 a 250 prazas de capacidade total: 2 prazas de uso preferente
- b) de 251 a 500 prazas: 3 prazas de uso preferente
- c) de 501 a 1.000 prazas de capacidade total: 5 prazas de uso preferente
- d) de 5.001 a 10.000 prazas de capacidade total: 7 prazas de uso preferente



## CONCELLO DE COIRÓS

---

**R.09. Segundo o artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, cal das seguintes competencias non é municipal:**

- a) informar os deslindes do dominio público marítimo- terrestre
- b) explotar, no seu caso, os servizos de tempada que poidan establecerse nas praias por calquera das formas de xestión directa ou indirecta previstas na lexislación de Réxime Local
- c) manter as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade
- d) iluminar as praias e lugares públicos de baño nas debidas condicións de seguridade

**R.10. Segundo o artigo 16 da Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas, en canto á ordenación do territorio e ordenación urbanística non é certo que:**

- a) cando o contido de calquera instrumento de ordenación territorial ou urbanística, ou de desenvolvemento dos mesmos, que se atope en tramitación, estea afectado polo establecido nun estudo de estradas xa aprobado, o promotor do instrumento deberá incluír no mesmo, antes da súa aprobación, as determinacións necesarias para a plena eficacia do devandito estudo de estradas
- b) cando se trate de levar a cabo a construción de estradas ou variantes ou outras actuacións en estradas estatais que afecten á ordenación territorial ou ao plan urbanístico vixentes, o Ministerio de Fomento deberá remitir os estudos previos ás comunidades autónomas e entidades locais ás que afecte a actuación, ao obxecto de que examinen e informen no prazo dun mes o trazado ou actuación propostos
- c) non poderán aprobarse instrumentos de modificación, revisión, desenvolvemento ou execución da ordenación territorial e urbanística, que contraveñan o establecido nun estudo de estradas aprobado definitivamente
- d) naqueles ámbitos territoriais que carecen de instrumentos de ordenación territorial ou de plan urbanístico aprobados, a aprobación definitiva dos estudos e proxectos de estradas comportará a inclusión da actuación nos instrumentos de ordenación ou plan que se aproben con posterioridade